



## ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/3	O Pleno

## DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

**Tipo Convocatoria:**

Ordinaria

**Data:**

25 de abril de 2024

**Duración:**

Desde las 12:15h ata as 14:10h

**Lugar:**

Casa Consistorial

**Presidida por:**

JOSÉ PARDO LOMBAO

**Secretario:**

Cristina Castro Fuentes

## ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33329791P	Elvira Lombao Vila	SÍ
33331257W	FERMÍN LÓPEZ GONZÁLEZ	SÍ
33817919F	JOSÉ PARDO LOMBAO	SÍ
33834799M	Jesús Fernández García	SÍ
34222169D	José Yebra Amorín	SÍ
33323696P	LUIS ALFONSO TRIGO FERNÁNDEZ	SÍ
47373684D	MIGUEL VIEITO VILLAR	SÍ
36071720S	Maria del Carmen Acacio Lopez	SÍ





33321284B	María Begoña Seco Varela	SÍ
33329706S	María José Martínez Vigo	SÍ
33327776V	Pilar Méndez Lombao	SÍ
33544829L	Tania Díaz Seijas	SÍ
33307083R	Xosé Ferreiro Fernández	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Aprobación da acta da sesión anterior

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	--

#### Resolución:

Os membros do Pleno da Corporación aproban, por unanimidade a acta da sesión plenaria de 29 de febreiro de 2024

#### Expediente 403/2024. Solicitud de concentración parcelaria

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 10, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 0

Explica o sr. alcalde o contido da proposta, que se copia:

“A Comisión Informativa de Asuntos do pleno ditaminou favorablemente, en sesión de 22 de abril de 2024, a seguinte proposta:

*SOLICITUDE INICIO CONCENTRACION PARCELARIA*

*PARROQUIA DE FOLGUEIRA, MATELA, VILELA Y TABOI*

*El concello de Outeiro de Rei inicia en el año 2005 los pasos necesarios para solicitar a la Xunta de Galicia la realización de la concentración parcelaria en una serie de parroquias coincidentes con las de mayor actividad agropecuaria del municipio.*

*En estos momentos se encuentran en marcha las concentraciones de San Félix de Paz, Sobrada, Arcos y San Lourenzo.*

*YA en el año 2005 de llevó a cabo la información a los vecinos y la recogida de firmas con el fin de constatar el interés de los propietarios en llevar a cabo la concentración parcelaria,*





*resultando que un porcentaje casi total de la población habitante de dichas parroquias solicitó el inicio del proceso de concentración parcelaria.*

*Del inventario de explotaciones dentro de estas parroquias facilitado por la consellería de medio rural resulta un total de 28 explotaciones de vacuno y 26 de caprino/ovino.*

*La estructura de la propiedad es en estas parroquias, al igual que en la mayor parte de las parroquias de Galicia que no han sido objeto de concentración parcelaria, muy fragmentada. Esto dificulta enormemente el contar con una base territorial adecuada al servicio de la explotación. Es difícil hacerse con la tierras para aumentar dicha base territorial por tener que tratar con muchos propietarios , y es difícil de trabajar estas tierras por el reducido tamaño d las mismas y su posición aislada muchas veces las unas de las otras.*

*Sin duda la concentración parcelaria redundará en una mejora de las explotaciones ganaderas de la zona lo que no necesita ser demostrado puesto que ya está sobradamente probado el beneficio que tiene en la gestión y aprovechamiento del territorio.*

*Por otro lado, desde el punto de vista del aprovechamiento agrícola y forestal, si bien no es predominante en la zona, la concentración propiciará dichos aprovechamientos, generando riqueza para sus propietarios y evitando que el abandono del territorio constituya un peligro constante de incendios.*

*Por ello el Concello de Outeiro de REi ACUERDA solicitar a la Xunta de Galicia la realización de la CONCENTRACION PARCELARIA EN LAS PAROQUIA DE FOLGUEIRA, MATELA, VILELA Y TABOI”*

Solicita a palabra Xosé Ferrreiro, voceiro do BNG e di que a proposta está fundamentada en datos falsos, xa que o informe que a acomaña ten alomenos 20 anos. Di o concelleior que en 20 anos nas outras parroquias non se está facendo concentración parcelaria, únicamente identificáronse os donos das parcelas. O concelleiro nacionalista reclama un estudio mais en profundidade. Por exemplo, na parroquia de Parada, pregunta o concelleiro qué beneficios houbo coa concentración. ademais considera que é un trámite que debería ser totalmente gratuito.

Informa que o seu grupo vaise abster porque saben que é bo para o agro pero que carecen de información.

Intervén o sr. Alcalde e di que non lle sorprende a postura do BNG. Di o sr. Alcalde que é a Xunta que fará os estudos mais serios. O sr. alcalde considera imprescindible ter unha nova estrutura da propiedade e bótalle en cara ao BNG que ps 4 anos de bipartito no goberno da Xunta de Galicia non se fixo nada coas concentracións parcelarias solicitadas por Outeiro de Rei. Considera o Alcalde a conncetración parcelaria como imprescindible.

Sométese a votación o asunto e resulta aprobado por 10 votos a favor ( 9 do PP e 1 do PSOE) e 3 abstencións do BNG





**Expediente 1224/2023. Planificación e Ordenación de Persoal ( Desagrupación da praza de Intervención)**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Explica o Sr. alcalde a proposta, que se copia:

“Os membros da Corporación Plenaria do Concello de Outeiro de Rei aprobaron por unanimidade a seguinte proposta de alcaldía, previamente ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno celebrada o día 22 de abril de 2024

*EXPEDIENTE PARA A APROBACIÓN DA DISOLUCIÓN DA AGRUPACIÓN VOLUNTARIA DOS CONCELLOS DE OUTEIRO DE REI E CASTRO DE REI PARA O SOSTENEMENTO EN COMÚN DA PRAZA DE INTERVENCIÓN.APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE*

*Os Concello de Outeiro de Rei e Castro de Rei, ambos limítrofes e da provincia de Lugo acordaron según Decreto 222/1991 de 20 de xuño polo que se aproba a agrupación dos Concellos de Castro de Rey, Cospeito e Outeiro de Rei, da provincia de Lugo, a agrupación voluntaria para o sostenemento en común da praza de Interventor.*

*En 2006 aceptouse a separación do Concello de Cospeito e reordenar a agrupación de municipios de Castro de Rei e Outeiro de Rei para o sostenemento en común do posto de Intervención e modificar os Estatutos da agrupación.*

*Transcorridos mais de 22 anos dende esa agrupación voluntaria de concellos para o sostenemento en común da praza de Intervención, as situación socioeconómicas de ambos concellos mudaron.*

*A realidade da agrupación para o sostenemento do posto de Intervención supón que cada concello dispón unicamente de Interventor/a ao 50% da xornada.*

*Así, actualmente o Concello de Outeiro de Rei ten un volumen de traballo que fai imposible o mantemento do posto en xornada parcial.*

*Consta documento de Relación de Postos de Traballo do Concello de Outeiro de Rei, modificado e publicada a modificación aprobada definitivamente no BOP de Lugo de 5 de abril de 2023 onde constan as seguintes función na ficha do posto de Intervención:*

*Funcións reservadas no artigo 11 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por el que se regula el régimen jurídico de los funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.*





*Formulación de proxecto de orzamento consonte ás indicacións concretas previamente emitidas pola Alcaldía.*

*Formulación de propostas de regulamentos en materia económica.*

*Formulación de memorias e plans económicos ou financeiros baixo as indicacións concretas previamente emitidas pola Alcaldía.*

*Responsable da Base de Datos de Subvencións.*

*Confección e transmisión de datos no cumprimento das obrigas de coordinación económica-financieira.*

*Así, a actual complexidade do Concello de Outeiro de Rei provoca que o tempo que presta a Interventora agrupada (unha semana 3 días e a seguinte 2 días e así sucesivamente) no é suficiente para atender as xestións ordinarias nin as función propias do seu posto, coa conseguinte perda na calidade na prestación dos servizos públicos así como na eficacia e na eficiencia, principios que deben presidir a xestión pública que marca a Constitución no seu artigo 103.1 e as actuais normas de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, concretamente o disposto no artigo 7.2 da lei orgánica 2/2012 de 27 de abril.*

*Deben seguirse todos os trámites previsto nos artigos 165 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e os artigos 13 e 16 do Decreto 49/2009 de 26 de febreiro sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios/as cos habilitación de carácter nacional.*

*Con base no anterior propuxen ao Pleno deste Concello de Outeiro de Rei, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos do pleno, que aprobase inicialmente o seguinte acordo:*

*1º.-Aprobar a disolución da agrupación voluntaria dos Concello de Outeiro de Rei e Castro de Rei para o sostenemento en común dos posto único de Intervención.*

*2º.- Clasificar os postos reservados a funcionarios/as de Administración local con habilitación de carácter nacional resultantes da disolución, nos seguintes termos:*

- *Concello de Outeiro de Rei*
- *Posto: Intervención*
- *Subescala: Intervención categoría de Entrada.*
- *Forma de provisión: concurso*
- *Concello de Castro de Rei*





- *Posto: Intervención*
- *Subescala: Intervención categoría de Entrada*
- *Forma de provisión: concurso*

*3º.- Adscribir a María Isabel Pernas Sánchez, titular do posto de Intervención da agrupación dos Concello de Outeiro de Rei e de Castro de Rei, da provincia de Lugo, ao novo posto de Intervención do Concello de Outeiro de Rei.*

*4º.- Tramitar simultaneamente a modificación da Relación de Posto de Traballo aprobada definitivamente e publicada no BOP de Lugo de 5 de abril de 2022 no senso de modificar o horario de traballo do posto, pasando de ser horario compartido con Castro de Rei a horario ordinario, xornada continua, o que conleva a adecuación retributiva do posto, cuxas retribucións correpondíanse coas propias do 50% da xornada laboral.*

*5º.- Aprobado inicialmente o expediente, debe de ser sometido a información pública durante un mes e solicitarse informe á Delegación do Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia e da Diputación Provincial, que deben de ser emitidos no prazo dun mes dende a súa solicitude. De non ser emitidos en prazo, entenderanse favorables.*

*6º.- Logo da información pública e a solicitude e emisión de informes, acordarase a desagrupación definitivamente en sesión plenaria de cada Concello con remisión posterior do expediente á Consellería competente en materia de réxime local.*

*Este acordo foi aprobado por unanimidade en sesión plenaria ordinaria celebrada o día 28 de decembro de 2023.*

*Posteriormente, tal e como indicaba o acordo, someteuse este a información pública en BOF (01/02/2024) e DOG(19/02/2024) e solicitáronse os preceptivos informes á Deputación provincial de Lugo e á Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma.*

*Consta no expediente informe favorable da Delegación do Goberno en Galicia con data de rexistro de entrada de 19 de marzo de 2024. Non consta informe da Excm. Deputación provincial de Lugo, polo que, habiéndose transcurrido mais dun (1) mes dende a súa solicitude, enténdese favorable.*

*Con base no anterior propoño aos membros desta Corporación do Concello de Outeiro de Rei que aproben o seguinte acordo:*

*1º.-Aprobar definitivamente a disolución da agrupación voluntaria dos Concello de Outeiro de Rei e Castro de Rei para o sostenemento en común dos posto único de Intervención.*

*2º.- Clasificar os postos reservados a funcionarios/as de Administración local con habilitación de carácter nacional resultantes da disolución, nos seguintes termos:*





- *Concello de Outeiro de Rei*
- *Posto: Intervención*
- *Subescala: Intervención categoría de Entrada.*
- *Forma de provisión: concurso*
- *Concello de Castro de Rei*
- *Posto: Intervención*
- *Subescala: Intervención categoría de Entrada*
- *Forma de provisión: concurso*

3º.- *Adscribir a María Isabel Pernas Sánchez, titular do posto de Intervención da agrupación dos Concello de Outeiro de Rei e de Castro de Rei, da provincia de Lugo, ao novo posto de Intervención do Concello de Outeiro de Rei.*

4º.- *Aprobar definitivamente a modificación da Relación de Posto de Traballo aprobada definitivamente e publicada no BOP de Lugo de 5 de abril de 2022 no senso de modificar o horario de traballo do posto, pasando de ser horario compartido con Castro de Rei a horario ordinario, xornada continua, o que conleva a adecuación retributiva do posto, cuxas retribucións correspondíanse coas propias do 50% da xornada laboral.*

5º.- *Remisión do expediente á Consellería competente en materia de réxime local para a súa publicación.*

*En Outeiro de Rei, na data indicada na sinatura electrónica*

*O alcalde*

*D. José Pardo Lombao”*

Non hai intervencións. Se somete a votación o asunto e resulta aprobado por unanimidade.

<b>Expediente 1081/2019. Planificación e Ordenación de Persoal ( modificación da RPT)</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 10, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 0

O Sr. Alcalde explica o contido da proposta, que se copia:







“Os membros da Comisión Informativa de Asuntos do pleno ditaminaron favorablemente a seguinte proposta de alcaldía:

*MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO*

*MODIFICACIÓN DE FUNCÍONS DO POSTO DE VIXIANTE E CREACIÓN DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO*

*Como consecuencia da Baixa por xubilación do titular da praza de Vixiante do Concello de Outeiro de Rei, número 01.1 do documento da Relación de Postos de Traballo modificado e publicada a modificación aprobada definitivamente no BOP de Lugo de 5 de abril de 2022, detectouse por parte do goberno municipal a necesidade de adaptar as funcións reais que se levaban a cabo por parte de quen desempeñaba ese posto e as que reflicte o catálogo de postos.*

*Con base nisto e aproveitando que na actualidade o posto atópase vacante, procédese á platar ao Pleno da Corporación a modificación das funcións do posto Vixiante, número 01.1 para adaptalas á realidade e as necesidades deste Concello.*

***Denominación do posto:***

*Vixiante*

***Número 01.1***

***Funcións:***

- .-Recepción, porteiro, atención e información aos usuarios.*
- .-Apertura e peche de centros ou unidades, e levantamento de informes ou actas en relación cos mesmos.*
- .-Funcións de mantemento e apoio xeral.*
- .-Vixiancia e inspección do cumprimento da normativa municipal.*
- .-Custodiar e vixiar bens, servizos, instalacións e dependencias municipais.*
- .-Velar polo cumprimento de regulamentos, ordenanzas e demais disposicións*
- .-Controlar e verificar o bo funcionamento do mobiliario, control de colocación de contenedores, instalacións, materiais, etc..., das dependencias, avisando das avarías ou danos.*
- .-Facer chegar aos servizos municipais correspondentes e con toda claridade calquera incidencia que se produza á vía pública que haxa que ser resolta (sinais en mal estado,*







vandalismo, danos no mobiliario urbano, farolas, avarías á rede de augas, etc...) Comprobación periódica da súa resolución.

*.-Facer chegar aos servizos municipais información sobre espazos sucios e en mal estado, patios con exceso de vexetación en vías públicas e incidencias en parques e xardíns, verquidos, cumprimento da xestión da biomasa e outros similares.*

*.- Emisión de informes básicos en relación coa súa actuación inspectora e especialmente co disposto nos apartados anteriores.*

*.-Calquera outra de contido análogo ou relacionada coas funcións anteriores.*

*Por outra banda, o enorme volumen de traballo deste Concello de Outeiro de Rei conleva a necesidade de crear unha praza de auxiliar administrativo adscrito ao servizo de Secretaría e con apoio ás funcións de Intervención*

*Faise por elo necesario modificar a Relación de Postos de Traballo para a creación deste novo posto que se describe do seguinte xeito:*

***Denominación:*** Auxiliar Administrativo

***Número*** 03.6

***Funcións:***

*.- Posto de traballo que entraña a realización de distintos tipos de trámites burocráticos e atender ao público, de acordo á lexislación vixente e as ordes do superior xerárquico, para axilizar e facilitar aos cidadáns o acceso aos recursos dispoñibles e á información.*

*- Realizar actividades de apoio administrativo, conforme instrucións recibidas, en todo aquel expediente que así sexa indicado por parte de superior xerárquico.*

*- Arquivar, rexistrar e catalogar expedientes ou documentos da dependencia.*

*- Facilitar ao cidadán a información de carácter xeral relativa á súa unidade.*

*- Realizar as funcións comúns ao exercicio da actividade, especialmente aquelas de carácter mecanográfico, de cálculo sinxelo, arquivo, rexistro e similares; as de atención ao cidadán, ben sexan presencial ou telemática, a xestión de arquivos e documentación, gravación e mantemento de bases de datos, así como funcións de apoio ao resto de membros das unidades administrativas nas que presten servizo.*

*- Responder e realizar chamadas telefónicas.*

*- Manexar ferramentas ofimáticas básicas.*





- Ordenar, numerar, encadernar e/o dixitalizar expedientes.
- Aplicar á tramitación e xestión, os medios tecnolóxicos postos á súa disposición para facilitar o acceso e a tramitación electrónica
- Formular índices, controlar e distribuír material.
- Realizar calquera tarefa que, relacionada directamente co posto de traballo, sexa preciso para un mellor desempeño de mesmo.

**Horario:** ordinario-Xornada continua.

**Maquinaria:** ofimática

*Clase: Funcionario, Grupo C2, Complemento de destino; 16, complemento específico (14 pagas) o establecido para os postos 03.3 e 04.3 da Relación de Postos de Traballo, actualizado.*

*Con base no anterior e á vista de todos os documentos obrantes no expediente proponho ap Pleno do Concello de Outeiro de Rei:*

*1º.- Aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo ( última modificación aprobada definitivamente e publicada no BOP de Lugo o día 5 de abril de 2022) no que se refire á modificación das funcións do posto de Vixiante e a creación do posto 03.6 de auxiliar administrativo.*

*2º.- Aprobada inicialmente procede publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia e exposición o público por un período de vinte días conforme establece o artigo 202 da lei de Función Pública de Galicia*

*En Outeiro de Rei, na data indicada na sinatura electrónica*

*O alcalde”*

Se somete a votación a proposta e resulta aprobada por 10 votos a favor (9 do PP + 1 do PSOE) e 3 abstencións.

<b>Expediente 724/2023 modificación Orzamento municipal do Concello de Outeiro de Rei 2024 anexo de persoal ( FuncionariosI) para creación de praza de auxiliar administrativo de administración xeral</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 10, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 0

O Sr. Alcalde explica o contido da moción, que se copia:





“Os membros da Pleno da Corporación de Outeiro de Rei aprobaron a seguinte proposta, previamente ditaminada pola Comisión informativa de Asuntos do pleno en sesión de 22 de abril de 2024, e que se copia:

*MODIFICACIÓN DO ANEXO DE PERSOAL DE ORZAMENTOS MUNICIPAL DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI ANO 2023*

*O enorme volumen de traballo deste Concello de Outeiro de Rei conleva a necesidade de crear unha praza de auxiliar administrativo adscrito ao servizo de Secretaría e con apoio ás funcións de Intervención*

*Faise por elo necesario modificar a Relación de Postos de Traballo para a creación deste novo posto que se describe do seguinte xeito:*

***Denominación:*** *Auxiliar Administrativo*

***Número*** *03.6*

***Funcións:***

- Posto de traballo que entraña a realización de distintos tipos de trámites burocráticos e atender ao público, de acordo á lexislación vixente e as ordes do superior xerárquico, para axilizar e facilitar aos cidadáns o acceso aos recursos dispoñibles e á información.*
- Realizar actividades de apoio administrativo, conforme instrucións recibidas, en todo aquel expediente que así sexa indicado por parte de superior xerárquico.*
- Arquivar, rexistrar e catalogar expedientes ou documentos da dependencia.*
- Facilitar ao cidadán a información de carácter xeral relativa á súa unidade.*
- Realizar as funcións comúns ao exercicio da actividade, especialmente aquelas de carácter mecanográfico, de cálculo sinxelo, arquivo, rexistro e similares; as de atención ao cidadán, ben sexan presencial ou telemática, a xestión de arquivos e documentación, gravación e mantemento de bases de datos, así como funcións de apoio ao resto de membros das unidades administrativas nas que presten servizo.*
- Responder e realizar chamadas telefónicas.*
- Manexar ferramentas ofimáticas básicas.*
- Ordenar, numerar, encadernar e/o dixitalizar expedientes.*
- Aplicar á tramitación e xestión, os medios tecnolóxicos postos á súa disposición para facilitar o acceso e a tramitación electrónica*





- Formular índices, controlar e distribuír material.

- Realizar calquera tarefa que, relacionada directamente co posto de traballo, sexa preciso para un mellor desempeño de mesmo.

**Horario:** ordinario-Xornada continua.

**Maquinaria:** ofimática

*Clase: Funcionario, Grupo C2, Complemento de destino; 16, complemento específico (14 pagas) o establecido para os postos 03.3 e 04.3 da Relación de Postos de Traballo, actualizado.*

*Con base no anterior e á vista de todos os documentos obrantes no expediente proponho ao Pleno do Concello de Outeiro de Rei:*

*1º.- Aprobar inicialmente a modificación do Anexo de Persoal do Orzamento municipal do Concello de Outeiro de Rei publicada a súa aprobación definitiva en BOP de Lugo de 17 de outubro de 2023, en relación ao Anexo Funcionarios I, para crear unha praza de Auxiliar Administración Xeral en grupo programa 920 Administración Xeral , coas retribucións que corresponden de salario base conforme a LPGE 2023 prorrogada ( 9828,06€), Complemento de destino (16) conforme a LPGE 2023 prorrogada (5746,72€) e Complemento específico conforme a LPGE 2023 prorrogada (14070€).*

*2º.- Aprobada inicialmente procede publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios para alegacións por prazo de 15 días hábiles, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.*

*3º.- Considerar elevado a definitivo este acordo no caso de que non se presente ningunha reclamación.*

*En Outeiro de Rei, na data indicada na sinatura electrónica*

*O alcalde”*

Pregunta a concelleira socialista Carmen Acacio por qué pon orzamento 2024 na proposta se todavía non foi aprobado.

Se lle contesta que é porque está prorrogado o de 2023.

Se somete a votación o asunto e resulta aprobado por 10 votos a favor (9 PP + 1 PSOE) e 3 abstencións do BNG.

**Expediente 432/2024. ACEPTACIÓN CESIÓN VÍA PROVINCIAL TRAMO**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde explica a proposta, que se copia\*\*:\*\*





“Os membros da Corporación Plenaria de Outeiro de Rei acordan, por unanimidade, aprobar a seguinte proposta, previamente ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en sesión de 22 de abril de 2024, que se copia:

***ACEPTACIÓN DE CESIÓN CO CAMBIO DE TITULARIDADE EN FAVOR DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI DE TRAMO DE ESTRADA PROVINCIAL***

*O Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo acordou o día 26 de marzo de 2024 aprobar a proposta relativa á solicitude de cambio de titularidade dun tramo de vía provincial LU-P-3907 en favor do Concello de Outeiro de Rei unha vez examinada a solicitude da alcaldía deste Concello de de cesión dun treito de estrada provincial LU-P-03907 desde o seu inicio na LU-P-3906, no seu límite co termo municipal de Lugo, e cunha lonxitude aproximada de 2.245 m.*

*A formulación desta solicitude incide no feito de que o dito tramo discorre polo núcleo rural de Mosteiro e que este núcleo rural experimentou un elevado crecemento urbanístico nestes últimos anos (...) que converte a estrada do interior do núcleo en vía de acceso e saída de vehículos dos seus habitantes e dos usuarios do centro deportivo DIO que situado ao borde da estrada neste núcleo multiplica así mesmo os desprazamentos dentro do núcleo. Así mesmo este Concello de Outeiro de Rei ten que prover de servizos a estas vivendas, levando ata elas a auga, a iluminación. Así mesmo as empresas subministradoras de enerxía eléctrica, telefonía e fibra requiren do uso da estrada para alcanzar a fornecer a estas vivendas. Por todo iso, co fin de simplificar o acceso aos servizos públicos e minimizar os trámites administrativos que afectan a estes cidadáns facíase imprescindible a cesión.*

*Con base no anterior PROPOÑO ao Pleno da Corporación, previo ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno:*

***1º.- Aceptar a cesión*** co cambio de titularidade a favor do Concello de Outeiro de Rei do tramo da estrada provincial LU-P-3907 “Arcos (LU#P#1109) # Vilar # Ceao”, entre o pq 3+165 e o pq 5+510. cunha lonxitude de 2.345,00 m. e que se corresponde coa seguinte representación gráfica .

***2º.- Someter á aprobación da Xunta de Galicia o cambio de titularidad do referido tramo de estrada provincial.***

*En Outeiro de Rei, na data indicada na sinatura electrónica*

*O alcalde”*

Intervén a concelleira Carmen Acacio e di que espera que no momento en que esté en propiedade do concello se fagan as beirarrúas e a sinalización.

Contéstalle o Sr. alcalde e di que lle parece increíble a súa petición xa que o seu sería que sendo do PSOE lle fixera tal petición á Deputación, o organismo titular da vía e con moita





mais capacidade económica que o Concello de Outeiro de Rei.  
Sométese a votación o asunto e resulta aprobado por unanimidade.

**MOCIÓN, PREVIAMENTE DITAMINADA, DO PSdG RELATIVA A BENESTAR ANIMAL**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 4, En contra: 9, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Da lectura á moción a concelleira Carmen Acacio, voceira do grupo socialista:

“Os membros da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno ditaminan favorablemente a seguinte moción:

**Moción para que o Concello de Outeiro de Rei elabore unha ordenanza que se adapte á Lei de benestar animal que se aprobou no Congreso e articule fondos necesarios para o seu desenvolvemento no municipio.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS: Temos claro que o aumento do número de animais de compañía nos fogares galegos, por ende nos deste Concello, a diversidade de situacións que isto presenta e a súa inevitable incidencia en cuestións que afectan á saúde e á seguridade obrigan ás administracións a afrontar desde o seu eido competencial actuacións para mellorar a convivencia entre cidadanía e animais.

O seu abandono ou perda é un problema que lles afecta a eles e á sociedade en xeral polo que, para previlo, é necesario abordar as causas do abandono, implementar medidas legais e políticas efectivas e promover a educación e concienciación sobre a tenza responsable de mascotas.

A Declaración Universal dos Dereitos do Animal, proclamada o 15 de outubro de 1987 pola UNESCO, así como nos Convenios de Washington, Berna e Bonn, asinados por España, xa determinou o marco xeral de protección ás especies animais. Desde entón, a concienciación e sensibilidade social polo respecto, protección e defensa dos animais obrigou aos países a realizar modificacións nas súas respectivas normativas.

En España, ata a ratificación co Convenio sobre Protección de Animais de Compañía en 2017, elaboráranse diferentes normas e mecanismos para acadar esa protección que a Declaración da Unesco pretendía para os animais pero non foi ata a Lei de Protección e Benestar Animal que entrou en vigor en setembro de 2023 cando se estableceu un verdadeiro marco a nivel estatal.

No que atinxe a Galicia, a norma en materia de protección dos animais data de 2017 e establece que as competencias en materia de responsabilidade de protección animal se atribúen ás persoas titulares das alcaldías dos concellos de Galicia. Se nos centramos nesta mesma norma regulamentaria, déixase ben claro que se prohibe alimentar os animais vagabundos e extraviados sen unha autorización municipal, e mesmo no Artigo 26





establécese que os concellos deberán capturar os Grupo Municipal Socialista de Outeiro de Rei gatos integrantes das colonias felinas para a súa marcaxe, esterilización e control sanitario, identificando cada animal a nome do concello responsable.

Afirmase no Artigo 23 da Ley de Bienestar Animal, do mesmo xeito ca na elaborada desde a Xunta, que “las entidades locales antepondrán el control poblacional no letal de la fauna urbana en sus planes de actuación en materia de protección animal garantizando los derechos de los animales” e, no mesmo Artigo, dise que se debe dispoñer dun servizo de recollida de animais con plena dispoñibilidade horaria. Vemos nesta lei moitos máis fronts obxecto dunha regulación municipal: Emisión dun carné de coidador de colonia felina, campañas de concienciación da poboación, campañas de identificación e de esterilización, protocolos ante casos de maltrato ou tenza irresponsable, control de animais silvestres, comercio de animais no mesmo concello, centros de adestramento, inspeccións de cumprimento da lei...

O noso Concello só dispón de dúas ordenanzas relacionadas co tratamento de animais no noso Concello:

- 1- A Ordenanza municipal reguladora da licenza pola tenza de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro e da sección local do rexistro de animais de compañía.
- 2- A Ordenanza municipal reguladora do uso público de zonas verdes e áreas recreativas.

En ámbolos dous casos, fábase de prohibicións pero non de deberes e moito menos se informa de que ofrece o Concello nos casos de posibles perdas de animais ou de tratamentos das colonias felinas.

É claramente insuficiente para un municipio de máis de 5.300 habitantes cuns fogares nos que seguramente haberá varias mascotas, cuxas cantidades totais non podemos actualmente determinar, pero que posiblemente cheguen a duplicar a poboación humana deste termo municipal. A AVEPA, A Asociación de Veterinarios Españoles Especialistas en Pequeños Animales, na súa Guía de recomendacións actuais para el manejo ético de las colonias urbanas felinas 2020, afirma que “A xestión ética das colonias felinas consiste na captura e control sanitario de gatos ferales (gatos de colonias), a súa esterilización, marcaxe, e retorno á súa colonia de orixe.” Tamén nos di que “Os programas CER/CEVR (captura-esterilización-vacunación-retorno) son a base e a mellor ferramenta para controlar a poboación das colonias felinas e manter a súa saúde.

Tanto a xestión deses gatos como a de cans evitaría situacións de insalubridade, risco de accidentes, mortalidade por enfermidades e sufrimento, exceso de Grupo Municipal Socialista de Outeiro de Rei poboación...

En definitiva, impotencia por parte de veciños e veciñas amantes dos animais que, ante a pasividade do Concello, intentan axudalos.

Desde o Grupo Municipal Socialista foron varias as consultas feitas a este Concello relativas ás actuacións sobre recollida de animais perdidos ou sobre os posibles proxectos para o control das colonias felinas, de excesiva poboación en moitas das parroquias e urbanizacións de Outeiro de Rei, e, despois das respostas dadas, chegamos á conclusión de que se podería facer moitísimo máis.

Pensamos que o actual goberno de Outeiro de Rei ten moitas cuestións que afrontar en







materia de protección animal, empezando por reforzar e mellorar a colaboración en convenio con Garatuxa, pois hai moitas carencias nos acordos nel acadados que impiden que, por exemplo, se poida rescatar un animal a partir das 15:00 do venres e ata o luns, e acabando polos prezos irrisorios que se abonan pola esterilización dun animal ou os 4 euros diarios polo mantemento no seu centro.

Por outra banda, vemos que non hai unhas instalacións animais temporais municipais para acoller os animais extraviados e abandonados ata a súa recollida, con independencia de que existan concertos, convenios ou contratos para a prestación do servizo de recollida dos animais e o seu aloxamento; non hai un protocolo de recollida e coidado dos animais desamparados ou cuxos donos non poidan xa atendelos, nin hai, como así afirmou o Sr. Alcalde en Pleno, control das colonias felinas nin campañas de esterilización cirúrxica nin xestión destas colonias.

Neste sentido, consideramos que unha Ordenanza de Benestar e Protección Animal sería o instrumento idóneo para recoller os dereitos e obrigas dos veciños e veciñas nestas situacións, e un Concello coma o noso, cuxa veciñanza demostra constantemente nas súas actuacións cos animais a súa preocupación polo respecto aos seres vivos, debería dispoñer dela coa maior celeridade. Polo tanto, propoñemos ao Pleno do Concello de Outeiro de Rei a adopción dos seguintes

**ACORDOS:**

- 1- Que o Concello de Outeiro de Rei proceda de xeito inmediato á redacción, tramitación e posterior aprobación dunha Ordenanza Municipal de Protección e Benestar Animal.
- 2- Que para a redacción de dita Ordenanza Promova a creación dun grupo de traballo con axentes sociais representativos dos intereses obxecto da regulación para poder recoller as súas pretensións e aportacións.
- 3- Que articule fondos necesarios para o seu desenvolvemento no municipio”.

Toma a palabra o concelleiro nacionalista Miguel Vieito e di que o seu grupo vai votar a favor porque xa eles en decembro plantexaron o mesmo.

O Sr. Alcalde informa que non van votar a favor da moción, porque considera que é unha competencia atribuída os concellos sen aportación económica.

Di que no concello xa se fomenta a adopción de cans e algo se ten feito coas colonias de gatos. Di que excepcionalmente tamén se recolle algún animal se hai un lugar o que levalo. Considera el Alcalde que tiña que terse dotado esta normativa de aportación económica. A concelleira socialista recrimínalle que bote balóns fora e esixe que debe de ser o concello que se faga responsable dos animais vivos do Concello de Outeiro de Rei.

Sométese a votación a moción e resulta rexeitada por 4 votos a favor ( 1 do PSOE + 3 do BNG) fronte a 9 en contra do PP.

<b>MOCIÓN, PREVIAMENTE DITAMINADA, DO BNG DE APOIO Á AGRUPACIÓN DEPORTIVA MATELA</b>	
<b>Desfavorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 4, En contra: 9, Abstencións: 0, Ausentes: 0





O concelleiro nacionalista Miguel Vieito defende a moción, previa queixa de que o alcalde metese soamente unha das dúas mocións presnetadas na Orde do Día.

Se copia a moción:

“MOCIÓN RELATIVA Á PETICIÓN CURSADA POLA AGRUPACIÓN DEPORTIVA MATELA EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En data de 5 de abril (registro de entrada 1.354) preséntase neste Concello o escrito da Agrupación Deportiva Matela, representada por Dona María Teresa Rodríguez Barreiro, membro da súa Xunta Directiva, no que se solicita ao Concello:

Que se admita esta solicitude no Concello de Outeiro de Rei e, en consecuencia, se leven a cabo as accións necesarias para que o campo de fútbol de San Lourenzo de Aguiar sexa utilizábel en circunstancias dignas.

Queremos que se arranxen, dunha vez, os accesos ao campo, como se arranxan os do resto dos veciños e calquera instalación municipal; e se faga o mantemento preciso para que a situación non se repita cada ano.

Queremos que se dispoñan todas as reparacións procedentes para que o campo cumpra condicións mínimas de legalidade (valado, substitución da uralita, reparacións eléctricas ... )

Que se así o consideran os concelleiros de todos os partidos, se despracen ao campo de San Lourenzo de Aguiar a comprobar que é certo todo o que dixemos neste escrito.

No escrito descríbense e ilústranse cunha extensa reportaxe fotográfica feitos e circunstancias que levan acontecendo anos, e que son de extrema gravidade por afectaren non só a un ben de titularidade municipal, senón a unha entidade deportiva do noso Concello e mesmo á imaxe e reputación de Outeiro de Rei.

Por todo o mencionado e sobre da base do expositivo e o ilustrado pola “Agrupación Deportiva Matela”, dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, proponendo a adopción do seguinte:

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, proponendo a adopción do seguinte ACORDOS:

1. O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Alcalde e ao Equipo de Goberno para que no prazo máis breve posible tome as seguintes medidas en relación ao campo de fútbol de San Lourenzo e á Agrupación Deportiva Matela: • Como medida URXENTÍSIMA, a adaptación das instalacións e os accesos ao campo de San Lourenzo de Aguiar en condicións mínimas de respecto da legalidade e en condicións de seguridade e dignidade. Medida que en ningún caso é abondo e só supón un esforzo provisional e urxente para tornar a situación no mínimo imprescindible • O amaño integral dos accesos e anexos do campo en condicións de parámetros actualmente normais e eficientes en todos os seus elementos constitutivos.
2. Apoio desta Corporación á petición da Agrupación Deportiva Matela.
3. Compromiso do Pleno deste Concello de Outeiro de Rei coa Agrupación Deportiva Matela





en que, no futuro, as instalacións se manterán en condicións dignas e comparábeis coas de equipos da mesma categoría”

o concelleiro nacionalista Miguel Vieito di que eles foron a visitar as instalacións e que dan vergoña. Di o concelleiro que se trata dunha demanda lexítima e que o PP prometeu en varias ocasións as actuacións e non o cumpriu.

Pregúntalle o Sr. Alcalde á concelleira socialista Carmen Acacio se lle parece correcto intervir agora nesta moción e entender, polo tanto, resolto o seu rogo.

Explica o Sr. alcalde que eles apoiaron a esa agrupación deportiva dende o primeiro momento e que xa se lle entrega unha aportación de 2500€ para poio á Asociación Deportiva. Di o Sr. Alcalde que este ano fixo moi mal tempo e iso estropeou moito o terreo e así tamén lle aconteceu o campo do Outeiro, que xoga nunha liga superior.

Di o alcalde que o BNG sempre negou o seu apoio ás instalacións deportivas municipais pero que o goberno municipal sempre se preocupará de seguir creando instalacións deportivas e por iso, intentarán arranxar todo o demandado, dentro do que se poida. Tamén informa que van votar en contra da moción.

O concelleiro nacionalista Miguel Vieito di que no Campo de San Lourenzo non están conformes con todo o que afirma o sr. alcalde e que alí non se fan labores de mantemento e que o campo municipal ten mellores infraestructuras que o de Matela.

o Sr. Alcalde reitera o seu apoio o Clun e o compromiso de axuda

Carmen Acacio, concelleira socialista denuncia a existencia de elementos ilegais como o cableado ó aires.

Sométese a votación a moción resultando rexeitada por 4 votos a favor ( 1 do PSOE + 3 do BNG) fronte a 9 en contra do PP.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### MOCIÓN DE URXENCIA DO PSOE- REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DE COMISIÓNS E PLENOS

Previo ao turno de rogos e preguntas, se pregunta se algún concelleiro presenta algunha moción de urxencia. A concelleira Carmen Acacio indica que presentou unha moción de urxencia (con data de 25 de abril de 2024 por rexistro de entrada) relativa a Moción para que o Concello de Outeiro de Rei elabore un regulamento que estableza o correcto funcionamento das Comisións e dos Plenos.

O Sr. Alcalde pídelle que xustifique a urxencia da moción.

A concelleira socialista defende a urxencia da moción en que considera que se están cambiando as regras do xogo en función do secretario que esté.

O Sr. Alcalde contéstalle que as regras de xogo as establece a Lei de Bases do Réxime Local e que a Orde do día a fixa o alcalde e que si na Deputación de Lugo so lles deixan presentar dúas mocións por grupo político, estando representados todos os municipios, nun concello como o de Outeiro de Rei meter unha moción na Orde do Día é mais que adecuado.





Se somete a votación a urxencia da moción resultando rexeitada por 4 votos a favor ( 1 do PSOE + 3 do BNG) fronte a 9 en contra do PP.

O Sr. Alcalde pregunta si hai mais mocións de urxencia.

Dille o Alcalde ao concelleiro do BNG si quere presentar unha moción de urxencia pero él insiste en que quere facer unha intervención e o alcalde lle di que soamente ten a palabra para presentar, se o desexa, unha moción de urxencia.

### C) ROGOS E PREGUNTAS

Dase lectura ó rogo do BNG relativo á adhesión do Concello de Outeiro de Rei á Declaración de Palma, que se copia:

*O Concello de Outeiro de Rei, como parte da Reserva da biosfera das Terras do Miño, e sobre todo nalgunha das Parroquias do Oeste do río Ladra, presenta máximo interese e potencialidade para as actividades turísticas de desfrute da natureza, ciclismo de campo a través e o sendeirismo.*

*A estas poderían sumarse tamén actividades relacionadas coa observación astronómica, dadas as características destas Parroquias. Nesta liña, en tempos recentes o Concello de Outeiro de Rei sinaliza como de observación astronómica o miradoiro de Paraños, como parte da ruta de sendeirismo do Miradoiro da Terra Chá.*

*É neste contexto que a nosa proposta se coloca na liña de seguir explorando e explotando estas potencialidades. Cremos que Outeiro de Rei podería seguir a senda para se converter nun futuro en “Destino Starlight”*

*([https://www.turismo.gal/que-facer/promocions-para-gozar-agora/turismo-starlight?langId=gl\\_ES](https://www.turismo.gal/que-facer/promocions-para-gozar-agora/turismo-starlight?langId=gl_ES)):*

*Esta iniciativa, creada polo Instituto de Astrofísica de Canarias e que conta co apoio da UNESCO, a Organización Mundial do Turismo (OMT) e a Unión Astronómica Internacional (IAU), busca potenciar a realización de actividades turísticas en entornas de baixa contaminación lumínica; e é unha verdadeira fonte de atracción de visitantes.*

*Cremos que abrir esta vía podería redundar en maior actividade económica no Concello en xeral pero, especificamente, en Parroquias que presentan maior abandono e cifras máis baixas de ocupación laboral.*

*O Concello de Outeiro de Rei podería unirse no medio-longo prazo ao que hoxe son xa destinos de referencia para este tipo de actividades, como Muras, Lalín, As Mariñas*





*Coruñas ou o Parque das Illas Atlánticas de Galiza. É pois que iniciar este camiño pode ter un valor estratéxico para o noso Concello, situándose ademais en perfecta coordinación co Plan de Acción para o Clima e a Enerxía (PACES) do Concello.*

*Como primeiro paso do camiño para ser “Destino Starlight”, o Concello de Outeiro de Rei debera adherirse á coñecida como “Declaración da Palma” (Declaración sobre a defensa do ceo nocturno e o dereito á luz das estrelas:*

*[https://www.fundacionstarlight.org/docs/files/32\\_declaracion-sobre-la-defensa-del-cielo-nocturno.pdf](https://www.fundacionstarlight.org/docs/files/32_declaracion-sobre-la-defensa-del-cielo-nocturno.pdf)),*

*promovida polos organismos mencionados xa no ano 2007.*

*Trátase dun documento de principios e intencións, sen unha carga obligacional directa, co que conta con flexibilidade suficiente para non impor obrigas demasiado estritas ao Concello no curto prazo. Cremos que non sería un obstáculo, en modo algún, á actividade municipal.*

*Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese consideración polo Pleno deste concello este ROGO, proponendo a adopción do seguinte*

*ACORDO:*

*Instar ao equipo de Goberno a que o Concello de Outeiro de Rei se adhira á coñecida como “Declaración da Palma”, como primeiro paso do camiño que conduza á inclusión do Concello, no futuro, como “Destino Starlight”.*

Dase lectura ao rogo do BNG relativo ao acondicionamento da Área recreativa da Santa Isabel e da Capela existente nela, que se copia:

*A Área Recreativa da Santa Isabel é un dos espazos naturais máis atractivos, non só do Concello de Outeiro, senón tamén de toda a Comarca da Terra Cha.*

*Isto fai que cando se atopa en boas condicións, ata esta zona se acerquen moitas veciñas e veciños de Outeiro, así como outras persoas de fóra, para pasar nese lugar o seu tempo de lecer, sobre todo a partires destas datas e cara o verán.*

*Aínda así, o Concello tena totalmente abandonada, coa herba sen cortar e limpar e cunha sensación completa de abandono.*

*O mesmo ocorre coa Capela da Santa Isabel, a cal está dentro dela e na que as Administracións Públicas investiron moitos cartos para a súa restauración e recuperación e agora atópase tamén chea de maleza e con desperfectos importantes, acrecentando esa sensación de abandono da que se falaba anteriormente.*





*Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese consideración polo Pleno deste concello este ROGO, proponendo a adopción do seguinte*

*ACORDO:*

- Que o concello de Outeiro de Rei acondicione con urxencia a Área Recreativa da Santa Isabel para que as persoas do concello e de fóra poidan desfrutar dela.*
- Que o concello proceda a limpar as paredes e arredores, así como reparar os desperfectos existentes na Capela da Santa Isabel, elemento representativo desta Área.*

Dase lectura á pregunta do PSOE relativa aos chafarices da praza diante da Casa do Concello, que se copia:

*Que despois de ter observado que os chafarices que funcionaban na Praza diante da Casa do Concello xa non o fan desde hai moito tempo e que enriba dos seus ocos puxeron taboleiros para tapalos para que así poidan aparcar os coches con maior comodidade, presentamos as seguintes PREGUNTAS:*

- Pode o Sr. Alcalde explicarnos que lles aconteceu?*
- Teñen pensado arranxalos?*
- Que foi da antiga fonte que aí estaba? Onde a colocaron?*

Explica o Sr. Alcalde que a fonte está gardada en instalacións municipais. Di que se tapa cando hai eventos pero que se pondrá en marcha de cara ao verán

---

E, sendo as 14:10h dase por rematada a sesión, da cal eu, Secretaria certifico o seu contido

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

